

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 9 de xuño de 2023, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión de postos de traballo pertencentes ao Servizo de Asistencia Parlamentaria

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 29 de marzo de 2023 convocouse un concurso de méritos para a provisión de postos de traballo pertencentes ao Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Vista a proposta de resolución efectuada pola Comisión de Méritos con data 8 de xuño de 2023 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación dos postos adxudicados ás funcionarias que se detallan no anexo, así como a relación dos postos liberados.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamentos e tomas de posesión serán os establecidos na base sétima do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 29 de marzo de 2023 polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión de postos de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Quinto. Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición perante a Presidencia do Parlamento no prazo dun mes, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO

Relación de postos adxudicados:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.	Adxudicataria	NIF
AP26	Administrativa/o	C	Administrativo	20	17.834,04 €	Calvo Noya, María Jesús	***5293**
AP30	Administrativa/o	C	Administrativo	20	17.834,04 €	Rodríguez Menéndez, Pilar	***8009**
AP41	Administrativa/o	C	Administrativo	20	17.834,04 €	Torrado Sanmarco, Rosario	***4657**

Relación de postos liberados:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.
AP33	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.110,24 €
AP36	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.110,24 €
AP40	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.110,24 €

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de xuño de 2023, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Persoal e Réxime Interior

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 36.4 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, acórdase convocar e aprobar as seguintes bases:

PRIMEIRO. Obxecto da convocatoria

Convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo que figura no anexo I da presente convocatoria, que se axustará, no que resulte compatible, ao disposto nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia (BOPG Número 117, do 26 de marzo de 2021)

SEGUNDO. Requisitos e condicións de participación

Poderá participar nesta convocatoria o persoal laboral fixo do Parlamento de Galicia, con categoría de oficial de primeira, que se atope en servizo activo, en situación de excedencia forzosa ou en calquera outra situación administrativa, sempre que teña dereito á reserva de posto de traballo no Parlamento de Galicia, e que reúna as condicións xerais e requisitos determinados nesta convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitude.

